As dimensións do terreo son unha das principais modificacións. Esta modificación será unha redución do espazo ata as seguintes dimensións: 15 m. de longo e 12 m. de ancho.

Por outra banda, en cada enfrontamento pasarán pola meta cando menos dous integrantes, cun máximo de catro.

Do mesmo xeito, haberá flexibilidade nas sancións de faltas ordinarias, pero rigorosidade á hora de sancionar malos comportamentos: insultos, agresións, etc.

Polo tanto, manteranse as marcas brancas. En cambio, elimínanse todas as marcas amarelas, e con ela a posibilidade de lanzamento aberto.

É importante, nese sentido, que todos participen e se divirtan. Cómpre quitarlle importancia ao resultado e darlla á formación.

Ademais, é preciso que todos os que consten na acta participen, manténdose como mínimo unha parte. Sancionarase a relegación de calquera integrante.

Outro cambio importante será a eliminación da marca de 5 metros, de xeito que os máis fortes non aproveiten para obter beneficio. Débese primar o labor en grupo.

En todo caso, durante os catro primeiros cuartos non se poderá facer cambios. Permítese realizar todos os necesarios nas dúas últimas partes.

En consecuencia con iso, en caso de entregar algún tipo de recoñecemento, será para todos os participantes, non só para os que obteñan bos resultados.

Así e todo, haberá unha marca de 4 metros, pero unicamente para o envío cando exista unha irregularidade na entrada ou na saída.

Porque se trata, nestas idades, de que teñan a oportunidade de probar todos os postos. Non ten sentido nin é recomendábel comezar a especialización.